



### III CARREIRA DE NADAL de Camariñas Domingo 3 de xaneiro de 2016

#### OBXECTIVO DA I CARREIRA DE NADAL DE CAMARIÑAS domingo 3 de XANEIRO

A III CARREIRA DE NADAL de Camariñas ten por obxectivo fomentar a práctica de actividade física e deportiva como medio para alcanzar unha vida máis saudable.

Nesta competición poden participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos/as como adultos (dende os 3 anos).

#### CATEGORÍAS E DISTANCIAS

CATEGORÍA		IDADES	DISTANCIAS
<b>Pitufo</b>	Mixto	2010-2012	150m aprox.
<b>Prebenxamín</b>	Mixto	2008-2009	400m
<b>Benxamín</b>	Masculino e fem	2006-2007	800m aprox.
<b>Alevín</b>	Masculino	2004-2005	900m aprox.
	Feminino		
<b>Infantil</b>	Masculino	2003-2002	2750m aprox.
	Feminino		
<b>Cadete</b>	Masculino	2000-2001	2750m aprox.
	Feminino		
<b>Xuvenil</b>	Masc e fem	1998-1999	5500 aprox
<b>Carreira Sénior</b>	Masculino	Nad@s entre 1997e 1976 ambos incluídos.	5500m aprox.
	Feminino		
<b>Veteranos M40</b>	Masculino	Nad@s entre 1975 e 1966 ambos incluídos.	5500m aprox.
	Feminino		
<b>Veteranos M50</b>	Masc e fem	Maiores de 1965(incluído)	5500m aprox.

#### NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE

1. A III CARREIRA DE NADAL de Camariñas rexeranse pola [reglamentación de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia](#), que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).
2. A proba estará subscrita ao [seguro de responsabilidade civil](#) do Club Balonmán Camariñas. Tamén contará cun [seguro de accidentes](#) que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/1993.
3. A proba contará cun [servizo médico-sanitario](#), que constará dunha ambulancia e un médico se a proba non supera os 750 participantes.



4. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios ou percorridos, aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
5. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente.
6. Os atletas que durante o transcurso da proba, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía.
7. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.
8. Debido ao carácter estritamente deportivo e popular da proba non se admitirán reclamacións. A participación é libre e leva implícito a aceptación do Regulamento Xeral da proba. A organización non se fará responsable dos danos físicos, morais ou materiais que ocasione a participación nesta carreira. O non recollido no mesmo resolverase segundo o criterio da comisión organizadora, sendo as súas decisións inapelables.
9. A organización pon a disposición dos participantes na carreira o Pavillón Polideportivo Municipal de Camariñas para que se podan cambiar e duchar.
10. Haberá servizo de garda roupa que estará sito no Pavillón Municipal.
11. **Na carreira absoluta** o percorrido estará sinalado cada km. Existirá 1 posto de avituallamiento, aproximadamente ao comezo da segunda volta ao paso por meta, máis o especial de meta.
12. **@s participantes na proba absoluta** recibirán un agasallo cando rematen as súas probas.
13. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.
14. Descualificacións:
  - ♦ O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
  - ♦ Todo atleta que non realice o percorrido completo.
  - ♦ O atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a Organización.

#### DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS

Os deportistas inscritos comprométense a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

A solicitude de inscrición para os **deportistas menores** de idade deberá ir acompañada dunha **autorización paterna** segundo o modelo establecido pola organización. Dito modelo poderase descargar da páxina web do Concello de Camariñas así coma de [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com).



A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- ♦ O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- ♦ Calquera atleta con problemas médicos (alergia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- ♦ O atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(...) para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

#### SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E DORSAIS

- ♦ Para controlar as probas estableceranse controis de cronometraxe por chip (deberá ir suxeito aos cordóns das zapatillas).
- ♦ Será obrigatorio o uso de chip na carreira absoluta (facilitado pola organización).
- ♦ Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías (facilitados pola organización).
- ♦ O atleta que non porte o chip non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuíto.
- ♦ O atleta que non porte dorsal poderá ser descualificado se así o estima a dirección de carreira.
- ♦ Os **corredores da carreira absoluta** usarán o **“chip de carreira”**, que deberán **devolver** á organización **ao remate** da mesma.
  - Estes corredores deberán recoller o seu dorsal e chip antes da carreira **no Club Náutico** ata 30 minutos antes do inicio de cada proba dende as 9´30h.

#### INSCRICIÓN

As inscricións para os atletas de categorías xuvenil, sénior e veteranos realizaranse a través da páxina web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com), data límite martes 29 de decembro ás 23´59h.

##### Inscricións de Categoría Base:

**A inscrición para os atletas de categorías base, dende pitufo a xuvenil, serán gratuítas.**

- 1) Enviando un email a [fran.puga@camarinas.dicoruna.es](mailto:fran.puga@camarinas.dicoruna.es) coa autorización paterna cuberta e asinada o una páxina web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) . Á hora de recoller o dorsal deberán presentala impresa e asinada dita autorización paterna, poderá descargarse *na páxina do Concello de Camariñas* [www.camarinas.net](http://www.camarinas.net).




- 2) Presentando a **autorización paterna asinada** no Departamento de Deportes do Concello de Camariñas ou entregándoa nas conserxerías dos Centros Educativos de Camariñas. **A recollida de dorsal nas carreiras de base** farase no Concello de Camariñas o día 29 de decembro en horario de mañá de 9'30 a 14h (só os que entreguen a solicitude nos coles ou no Concello) e o día carreira ata 30' antes de cada unha delas. Os que fagan a inscrición a través de championchip o día carreira ata 30' antes de cada unha delas.

Cotas de inscrición para a carreira absoluta:


- ▶ A inscrición para a carreira absoluta (sénior e veteranos M40, M50) terá un custo de 6€ para aqueles corredores que non posúan chip, e de 5€ para aqueles corredores/as que posuidores do chip.

▶ PERCORRIDOS E HORARIOS

PITUF@S: Dende o San Remo ata meta. 150m aprox. **11'45H.**




PREBENXAMÍNS: Dende meta ata o San Remo e volta a meta. 400m aprox. **11'45H.**







**BENXAMÍNS:** Saída en Cantón Miguel Feijoo-Irmáns Fernández e volta. 800m aprox. **11'15H**



**ALEVÍNS:** Saída en Cantón Miguel Feijoo-Plaza do Concello e volta. 900m aprox. **11'30H**




**INFANTÍS E CADETES:** Saída en Cantón Miguel Feijoo-Avda da Coruña-Virxen do Monte- Plaza San Xurxo-A Grixa-Avda Juan Carlos I-Estrada do Vilán- Peirao Novo-Cantón Miguel Feijoo. 2800m aprox. **10'30H**





**CARREIRA XUVENIL-SÉNIOR (2 voltas a este circuito):** Dende a rotonda-Cantón Miguel Feijoo-Avda da Coruña-Virxen do Monte-Plaza San Xurxo-A Grixa-Avda Juan Carlos I-Estrada do Vilán- Peirao Novo-Cantón Miguel Feijoo. 5500 m parox.**12H**



**ESTABLÉCENSE OS SEGUINTES PREMIOS:**

**NAS CARREIRAS DE BASE:**

PITUF@S: Medalla para tod@s @s participantes.

PREBENXAMÍN: Medalla para tod@s @s participantes.

BENXAMÍN: Medalla para tod@s @s participantes e para os 3 primeiros calificados masc e fem.

ALEVÍN: Medalla para tod@s @s participantes e para os 3 primeiros calificados masc e fem.

INFANTIL: Medalla para tod@s @s participantes e trofeo para os 3 primeir@s calificad@s masculinos e femininos.

CADETE: Medalla para tod@s @s participantes e trofeo para os 3 primeir@s calificad@s masculinos e femininos.

**NA CARREIRA ABSOLUTA:**

- a) Trofeo e lote productos de Conservas Boya para os 1º, 2º e 3º calificad@s masculin@s e feminino da carreira
- b) Xuvenís: 1º, 2º e 3º calificado masculino e feminino. Trofeo e lote productos de Conservas Boya
- c) Sénior 1º, 2º e 3º calificado masculino e feminino. Trofeo e lote productos de Conservas Boya.
- d) M40 1º, 2º e 3º calificados masculino e feminino. Trofeo e lote productos de Conservas Boya.
- e) M50 cumpridos o día da carreira masculino e feminino, 1º, 2º e 3º calificado masculino e feminino. Trofeo e lote productos de Conservas Boya.

**OS PREMIOS SERÁN ACUMULATIVOS.**

**O tempo máximo de duración da proba absoluta será de 60 minutos.**